

Normativa sobre a avaliación de méritos docentes do profesorado universitario (aprobada no Consello de goberno de 02/12/2024)

Artigo 1. Obxecto

1. Esta norma regula os requisitos e o procedemento para o recoñecemento de avaliacións positivas de méritos docentes do profesorado universitario, conforme ao establecido no Real decreto 1086/1989, do 28 de agosto, sobre retribucións do profesorado universitario.

Artigo 2. Ámbito de aplicación e requisitos das persoas interesadas

1. Poderá solicitar a avaliación da súa actividade docente o profesorado universitario funcionario en situación de servizo activo na Universidade da Coruña e con dedicación a tempo completo, así como o persoal docente e investigador laboral que conte cun contrato ou nomeamento en vigor e con dedicación a tempo completo.

2. O período mínimo avaliable comprenderá cinco anos en réxime de dedicación a tempo completo ou un período equivalente de se prestar o servizo en réxime de dedicación a tempo parcial.

Artigo 3. Competencia

O recoñecemento de avaliacións positivas dos méritos docentes corresponde á persoa titular da vicerreitoría con competencias en materia de profesorado por delegación da persoa titular da reitoría.

Artigo 4. Procedemento de avaliación

1. O procedemento iniciarase a pedimento da persoa interesada, mediante a presentación dunha solicitude dirixida á persoa titular da reitoría no rexistro electrónico da UDC.

Na solicitude deberá facerse constar o período docente que se suxeita a avaliación, debendo acompañar exclusivamente a documentación acreditativa das situacións administrativas e laborais que non figuren en poder da Universidade da Coruña.

O prazo de presentación e as condicións do trámite de admisión das solicitudes fixaranse na convocatoria que, con carácter anual, se aprobará ao efecto.

2. A instrución corresponderá ao servizo de persoal docente e investigador, que solicitará a emisión de informes preceptivos sobre o desempeño da actividade docente do Consello de Departamento e da Xunta do Centro no que imparta a súa docencia maioritaria a persoa interesada, e calquera outro informe que, con carácter facultativo e a xuízo da persoa titular da vicerreitoría con competencias en materia de profesorado, resulte necesario para a resolución do procedemento. Os informes negativos deberán estar debidamente motivados.

Código Seguro De Verificación	TBz8uPw5Hiys+nuUCMMC3A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	02/12/2024 14:01:25
Observacións		Páxina	1/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/TBz8uPw5Hiys+nuUCMMC3A==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Recibidos os informes, o servizo de PDI redactará unha proposta de resolución tendo en conta os seguintes criterios:

- a) Proporase a denegación do complemento cando algún dos informes preceptivos fose desfavorable.
- b) Computaranse como dedicación a tempo completo os servizos prestados en dedicación exclusiva.
- c) Os servizos prestados en réxime de dedicación a tempo parcial serán valorados co coeficiente redutor de 0.25 (para dedicacións de 60 h/ano), 0.4 (para dedicacións de 90 h/ano), 0.5 (para dedicacións de 120 h/ano), 0.6 (para dedicacións de 150 h/ano) e de 0.75 (para dedicacións de 180 h/ano).
- d) Para o cálculo do período de cinco anos, teranse en conta as seguintes consideracións:
 - 1) Os servizos prestados, ata o acceso aos corpos docentes universitarios, considéranse como prestados no corpo en que se ingresou.
 - 2) Cando se cambie de corpo ou categoría antes de completar un novo período de cinco anos, o período sen avaliar considérase como prestado no novo corpo ou categoría.
 - 3) O profesorado que cambie de corpo ou pase a ocupar outra praza do mesmo corpo conservará o compoñente por méritos docentes que tivese adquirido no anterior corpo ou praza, ao que se lle acumulará o que puider obter en sucesivas avaliacións.
 - 4) Considéranse válidos para o cálculo do período de cinco anos:
 - i. Os anos transcorridos nos corpos docentes universitarios.
 - ii. Os anos transcorridos no Centro Superior de Investigacións Científicas (CSIC) ou noutros organismos públicos de investigación.
 - iii. Os anos transcorridos en universidades ou centros de investigación estranxeiros ou privados.
 - iv. Os servizos prestados en ensinanzas que foron integradas na universidade como ensinanzas oficiais (Orde do 3 de novembro de 1989).
- 5) En ningún caso un mesmo período de tempo poderá ser sumado máis dunha vez.

Estudaranse todas as restantes situacións que puideren presentarse, sempre que os servizos prestados o fosen coa condición de profesor/a universitario.

3. A persoa titular da vicerreitoría en materia de profesorado resolverá e publicará no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) o resultado da avaliación no prazo máximo de tres meses a partir da data final do prazo para presentación de solicitudes. Con carácter previo a proposta de resolución será elevada ao Comité de Empresa e á Xunta de Persoal para a súa ratificación.

Os períodos valorados negativamente non poderán ser obxecto de novas solicitudes de avaliación.

Código Seguro De Verificación	TBz8uPw5Hiys+nuUCMMC3A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	02/12/2024 14:01:25
Observacións		Páxina	2/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/TBz8uPw5Hiys+nuUCMMC3A==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



4. Contra a resolución poderá interpoñerse recuso de reposición perante a persoa titular da reitoría ou, alternativamente, segundo proceda, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo ou demanda ante o Xulgado do Social, nos prazos establecidos pola normativa vixente, dos que se informará ás persoas interesadas na correspondente publicación.

Artigo 5. Efectos económicos e administrativos da avaliación positiva

1. A resolución de avaliación positiva producirá efectos económicos e administrativos desde o 1 de xaneiro seguinte ao período avaliado.

2. O profesorado funcionario avaliado positivamente adquirirá e consolidará por cada avaliación un compoñente por méritos docentes de acordo co nivel de complemento de destino. No caso do profesorado laboral aplicaranse as seguintes asimilacións: profesorado contratado doutor e permanente laboral, nivel 27; profesorado axudante doutor e contratado interino de substitución, nivel 26.

3. O complemento de méritos docentes non poderá exceder do resultado de superar favorablemente seis avaliacións.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas as normas de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto nesta normativa e, nomeadamente, a aprobada na Xunta de Goberno do 23 de maio de 2001, modificada por acordo do Consello de Goberno do 25 de outubro de 2006 e do 30 de xaneiro de 2019, de actuación da comisión de avaliación de méritos docentes.

Disposición final. Entrada en vigor

Esta normativa entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial.

A Coruña, asinado dixitalmente

A vicerreitora de Profesorado
P.D. do reitor (RR 10/07/2024)
Teresa López Fernández

Código Seguro De Verificación	TBz8uPw5Hiys+nuUCMMC3A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	02/12/2024 14:01:25
Observacións		Páxina	3/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/TBz8uPw5Hiys+nuUCMMC3A==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

